

EXCMO. CONCELLO PLENO

NOTIFICACIÓN

A Excma Sra. Alcaldesa-presidenta do Concello de Lugo ditou en data 25/05/2020 o seguinte **DECRETO**:

*“En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e tendo en conta o disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **xoves, día 28 de maio, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:*

1/43 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2020.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/44 SOLICITUDES DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES REFERIDAS A ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PARA QUE SEXAN DECLARADAS DE INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL POLO PLENO.

INTERVENCIÓN

3/45 APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REC EXT 8-2020.

4/46 APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REC EXT 9-2020, CON REPARO 21-2020.

5/47 APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 10-2020, CON REPARO 27-2020

6/48 APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 11-2020

7/49 APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO 2020-2021

PROPOSICIÓN

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Ref#: 20comun030.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-5-2020

8/50 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 112/2020 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DE MESAS SECTORIAIS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE LUGO.

9/51 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 113/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS E ECONÓMICAS EN RELACIÓN Á CRISE DO COVID-19.

10/52 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 114/2020 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO POTENCIAMENTO DO RURAL.

11/53 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 115/2020 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO REFORZO DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.

12/54 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 116/2020, DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN PERMANENTE E ÚNICA SOBRE O COVID-19.

13/55 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO NÚMERO 117/2020, DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A APLICACIÓN DUN PLAN FISCAL PARA MITIGAR OS EFECTOS SOBRE A ECONOMÍA LOCAL DO COVID-19.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

TESOURERÍA

14/56 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2020.


ACTAS E GOBERNO

15/57 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 15 DE ABRIL DE 2020, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

PERSONAL

16/58 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO Nº 2692/2020 DO 19/05/2020 DA EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DE LEVANTAMENTO DE REPARO DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS REALIZADOS POR PERSOAL DO CONCELLO DE LUGO NOS MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2019 E QUE SUPERABAN OS LÍMITES FIXADOS NO REGULAMENTO INTERNO DE PERSOAL E NO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO E SERVIZOS EXTRAORDINARIOS QUE NON TIÑAN A PRECEPTIVA AUTORIZACIÓN.

ROGOS E PREGUNTAS



ROGOS:

- A) *ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 101/2020 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVO Á CELEBRACIÓN DUNHA HOMENAXE ÁS VITIMAS E TRABALLADORES DOS SECTORES ESENCIAIS.*

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Xustifícase a celebración do Pleno a distancia por medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de conformidade co artigo 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polas especiais circunstancias de forza maior e risco colectivo que implica o estado de alarma declarado por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, en relación coa crise sanitaria do COVID-2019, que impide o normal funcionamento das sesións presenciais deste órgano colexiado.

A presente convocatoria deberá serlles remitida por correo electrónico aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, así como a documentación dos asuntos incluídos na orde do día. No caso de que, por calquera circunstancia, non puideran participar, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase."

O que lle notifico aos efectos oportunos.

Asdo.: O SECRETARIO XERAL DO PLENO.- Rafael José del Barrio Berbel

CONCELLEIRAS E CONCELLEIROS DO EXCMO. CONCELLO PLENO DE LUGO.

